



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2024/2
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, XOVES 8 DE FEBREIRO DE 2024 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

PSOE

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

ROSARIO GONZALEZ LEMA

IxMuxía

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO

AURELIA MARIA PICALLO MERLAN

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: ROSA MARIA FERNANDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación acta sesión anterior celebrada o día 23 de xaneiro de 2024

Dna Merce Barrientos manifesta as seguintes alegacións á acta da sesión anterior:

“Cando se recolle en acta que fixemos peticións a través da sede electrónica, faise constar unha solicitude de reparación de vía de Sendón a Peropombo, cando en realidade é de Sendón a Agranazón. Igualmente ao mencionar a necesidade de quitamedos non era en Suxo, se non no acceso de Agranazón á AC-440. Asemesmo en relación ao arranxo de varias vías en estado lamentable que se menciona na acta, en realidade dixen que a presentaría, non que estaba presentada.”



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A acta queda aprobada coas indicacións manifestadas.

2. Aprobación definitiva delegación Recadación Executiva

A secretaria explica que o Pleno no seu día adoptou acordo de carácter inicial sobre esta delegación e que despois do procedemento legalmente establecido hoxe ven o asunto a Pleno para o acordo definitivo segundo se expresa na Proposta de Alcaldía.

Sen xerarse debate, por unanimidade e polo tanto coa maioría cualificada esixida pola la Lei 7/95 de BRL, o Pleno acorda:

A adopción expresa do acordo definitivo de Delegar na Deputación Provincial da Coruña a seguinte competencia:

Recadación executiva de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de cobro non periódico ou por períodos inferiores ao ano.

3.-POS 2024- Obras. Gasto Corrente

O Sr Alcalde explica a súa proposta neste punto, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa. “ Vai unha parte dos fondos en obras e outra parte en gasto corrente. Están definidos os proxectos cos representantes dos grupos municipais, (explica o contido do proxecto de Mellora camiños en Merexo, Acceso AC 440 a Cibrás e Cibrás- Añobres,).

Continúa . Preséntase unha terceira fase de Frixe onde se levarán invertidos aproximadamente 350.000€, o que é algo histórico e haberá unha cuarta fase . Respecto á Senda peonil de Lago, está en moi mal estado e intentamos que Costas a fixera pero dado que é unha pasarela de titularidade municipal non é posible., aínda que está consensuado o proxecto con Costas, e vai facerse con materias máis resistentes e con máis funcionalidade. Tamén vai no Plan a pista polideportiva de Quintáns, vai no complementario que aínda que non é vinculante é orientativo do que se vai facer.

As obras están consensuadas con todos os grupos do Concello , tomáronse obras do pleno extraordinario que se fixo a petición da oposición e dunha Comisión que convoquei para falar do POS. Veremos se isto é ou non consenso. Javier Sar dixo que para el as prioridades eran as obras do pleno extraordinario e despois tamén unha parte dunha pista no Vilar. Están propostas aquí as vías de Merexo e a vía entre San Martiño e Añobres. Dna Merce Barrientos manifestou que as prioridades para eles eran as obras do pleno extraordinario que propoñían para facer como se puidera , e aquí están. Máis consenso non pode haber. Por outra parte tamén propoñemos gasto corrente e así facer dunha maneira indirecta a partida que alimenta a licitación do SAF. Algunha concelleira colleu datos da intervención e trasladounos ás empregadas de Reacteda que traballan no SAF. Dase unha información sesgada e manipulada en forma de política rastreira. Pídlle á Sra Interventora que aclare o que pode ir a gasto corrente.

A interventora responde: “ O destinado a servizos sociais vai no Plan de gastos extraordinarios de SS, e a gasto corrente a Deputación permite destinar gastos de servizos do art 26 da Lei 7/85 de BRL”. Á pregunta da Alcaldía de se as cantidades liberadas desas partidas poden ser destinadas para financiar



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

o SAF, a Interventora responde que pode ser aplicadas a calquera gasto corrente.

A secretaria, preguntando o Alcalde se hai expediente incoado para licitar o SAF, responde que o hai fai meses.

Continúa o Sr Alcalde: “Non queremos subir impostos e o nivel de ingresos é o mesmo de fai anos. Hai que financiar o SAF e a solución que damos é esta proposta. Dende que estamos neste goberno e segundo informe da tesourería municipal, a partida destinada a SAF aumentou un 780%. Aqueles grupos políticos que cuestionan a nosa sensibilidade coa dependencia quedan desacreditados. Que non vos conten milongas.”

Intervén seguidamente Dna Sandra Vilela: “ Presentamos unha emenda á proposta neste punto, (entrega copia á secretaria, intervención e grupos).Vostede di que trae un POS consensado e non é así. Fixo unha comisión informativa da que non chegou ningún acordo para o POS, e dende aquel momento non tivemos máis noticias ata que trae esta proposta. Vostede aprobou en pleno obras que propuxemos como a Senda de Castro ou o Campo de Fútbol, pero non as trae no POS, e limitámos porque non poñe as obras no POS e non fai os proxectos. Trae os asuntos do POS no último día para que non podamos facer nada. Se quixera sacar un POS traeríao antes. Somos o último Concello da Costa da Morte en aprobar o POS. Tamén di mentiras porque a senda de Lago, as obras de Frixe, o polideportivo de Quintáns van no complementario que como vostede dixo non é vinculante. Grazas á oposición empezouse Frixe que foi unha das obras que no seu momento puxemos como condición para aprobar o POS e grazas a nós farase a senda de Lago.

Sobre o SAF, ninguén lles dixo, ou ao menos eu, nada ás traballadoras. O problema volverá cando non poda pagar as facturas do SAF cando quede sen consignación e teña que traer as facturas a pleno. A proposta de gasto corrente, segundo o informe da intervención, destinarase a luz e lixo, e vostede di que libera fondos para adicar ao SAF, pero é que os gastos en luz e lixo son duns 500.000€, polo que faltan para elo máis de 200.000€. Licite o SAF, faga os orzamentos. Fala de valores e presumir de valores cando non se atende ás persoas que o chaman por teléfono e están sen cobrar...Subir a partida do SAF non implica que o servizo sexa mellor. Vostede sube o que paga á empresa con informe desfavorable da Secretaría e Intervención, e di que gasta un 700% máis no SAF e as traballadoras están sen cobrar.”

Intervén seguidamente D Javier Sar: “Información sesgada é a que acaba de facer vostede. Se o PEM do último trimestre baixa é porque se aprobaron os REC por nós, porque durante os seis meses do 2023 lle demos un cheque en branco porque nos abstivemos e poido pagarlle á xente. Ten o orzamento prorrogado e diñeiro fresco pero xa veremos como fai se non aproba os orzamentos a partir de abril. Quero felicitalo porque despois de moito insistir convocou o pleno cos prazos que marca a Lei.

No seu día pedimos unha mesa de traballo para tratar de lograr un consenso cos orzamentos, co POS e vostede comprometeuse a facela e non a fixo. Sabe que ten minoría e que ten que negociar e non o fai.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Trae un POS a súa forma e maneira e “in extremis” pois remata mañá o prazo. O seu consenso non ten nada que ver co meu. Pedimos varias obras e quizá nos interesaba a prioridade dunhas máis que doutras. Na emenda propoñemos uns cambios, cambiamos a cantidade de gasto corrente e incluímos na anualidade 2024 do POS a obra da senda de Lago e Frixe, sobre esta vostede vendeu que lle faltaba unha fase e resulta que nesta fase tampouco hai depuradora . Vendeu a auga de Suxo e Suxo segue sen auga, a estrada de Leis aínda non se fixo, o Santuario segue sen luz... Non veño aquí para facer parodias senón para chegar a consensos. Presente os orzamentos, chámenos, chegaremos a un acordo. Sen eles non haberá licitación do SAF nin outras cosas.”

A continuación ten a palabra Dna Mercé Barrientos: “ En relación ao que dixo durante os 45 minutos de monólogo non é certo, é falso. A proposta que presenta do POS non está consensuada porque nos chamou a unha comisión en novembro na que lle expuxemos que para o BNG as prioridades eran as obras que foran aprobadas por unanimidade no pleno extraordinario. Nesa Comisión o BNG presentou a súa postura de que o prioritario era desenvolver as obras aprobadas por unanimidade no pleno. Había varias obras e falei co concelleiro de obras sobre elas, por exemplo sobre a de Castelo a Agranzón que é unha das estradas máis transitadas do Concello e está nun estado ruinoso, lamentable, con vaches que dan lugar a reclamacións patrimoniais. Nesta proposta de POS non aparece. Pensamos que convocaría máis comisións para determinar as obras a incluír, pero dende entón ata o día antes de rematar o prazo que trae unha proposta de POS que di está consensuada e da que non tiñamos idea e na que non se poden incluír obras porque nin sequera fixo proxectos.

Vostede dixo que non ía a subir impostos pero tamén dixo “se vostedes queren subilos, únome”. Vostede non quere asumir responsabilidades e que o traballo o fagan outros.

O Sr Alcalde manifesta: “non sexa tramposa, xa se ve de quen o herda”

Continúa Dna Merce Barrientos: “Non se critica o incremento do SAF senón a xestión do SAF e que as traballadoras pasen meses sen cobrar. Falou dun remanente e pareceríame ben que con ese remanente licitase o SAF como vostede dixo que faría urxentemente en outubro de 2023 antes do remate do ano, e segue sen estar licitado. Non use esa proposta de POS non consensuada para vender aos traballadores porque non dedica unha parte do POS a elo. Non debe de facer alusión nas redes a que non fai trámites porque a secretaría ou a intervención non os teñen listos. Secretaría e Intervención teñen os borradores listos para que vostede faga o seu traballo e se non o fai , a responsabilidade é súa.”

Intervén o Sr Alcalde: “Na sua emenda poñen 90.000 euros para gasto corrente, e preciso medio millón para licitar pero grazas a Mercé Barrientos poderei usar o remanente para licitar o SAF, porque cando o traía a pleno, seguro que ela di, votará a favor.”

Dna Mercé Barrientos responde: “Traía os documentos e falaremos”.

Sometida a emenda ao ditame da proposta, é aceptada polos votos a favor dos grupo municipal PP (3),



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

IxM(2) e Mixto(1) e os votos en contra do grupo municipal PSOE (5), e polo tanto o pleno acorda:

1.- “Participar **no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2024” e con cargo á “achega provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	90855,75
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	0
Subtotal gasto corrente	90855,75

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO					
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
	Renovacion do pavimento da senda peonil na praia de Lago en Merexo	32613,33	0	0	0	32613,33
	Mellora de viais e ampliación das redes de saneamento e pluviais no núcleo de Frixe	155544,22	0	0	0	155544,22



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Subtotal investimentos achega provincial 2024	188157,55	0	0	0	188157,55

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO					
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora camiños en Merexo	159020,34	0	0	0	159020,34	
Pavimentación de pista entre a estrada AC 440 e o núcleo de Cebráns no Concello de Muxía	57357,32	0	0	0	57357,32	
Subtotal investimentos achega provincial 2023	216377,66	0	0	0	216377,66	

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	
Subtotal redución da débeda do concello coa deputación	0

D) Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	90855,75				90855,75
	Achega 2023 (Excep. base 2.1)	0				0
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024	188157,55	0	0	0	188157,55
	Achega 2023	216377,66	0	0	0	216377,66
C- REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024					0
	Achega 2023					0
D- TOTAL	Achega 2024	279013,3	0	0	0	279013,3
	Achega 2023	216377,66	0	0	0	216377,66
	TOTAL	495390,96	0	0	0	495390,96

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Pavimentación pista entre os núcleos de Cebráns e Añobres no Concello de Muxía	172739,26	0	172739,26
Acondicionamento e reparación pista polideportiva no lugar de Quintans.	45429,89	0	45429,89
Total	218169,15	0	218169,15

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto (oU EN TRÁMITES DE RESOLUCIÓN) todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

4.- POS 2024-Gastos Sociais Extraordinarios

A Secretaria manifesta que os grupos municipais teñen copia da proposta relativa a este punto que foi ditaminada favorablemente pola Comisión informativa.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Intervén Dna Sandra Vilela: “ Quero facer ver que a licitación do SAF non cae por baixar a cantidade aplicada a gasto corrente. Fai cinco anos que ten sen licitar o SAF e agora parece que o problema para elo é este POS. O remanente pode usarse para moitas cousas, para pagar luz e lixo e deixar diñeiro para SAF. Trae aquí REC e saen adiante pese a que vostede di que somos malos. Contareille unha anécdota: o outro día unha persoa preguntoume porque votáramos en contra da rotonda de Lourido pois un concelleiro seu dixo que a obra estaba parada por culpa da oposición. Leva anos facendo unha pésima xestión co SAF. Gasta vostede un 700% máis pero aténdese un 700% máis de maiores?. Danse un 700% máis de horas?. Acaba vostede de votar en contra de Merexo, Lago, Frixe...”

O Sr Alcalde intervén: “Non se poña nerviosa. Por que non ven ás comisións?”

Dna Sandra Vilela responde: “ Nervioso estará vostede que leva tres días sen vir a traballar.”

Intervén Dna Mercé Barrientos: “No POS Social explicase que se pode dedicar a varias cousas e dende o BNG queremos que na medida do posible, se dedique eses 79.000 euros máis á dependencia que a outros servizos e non só polos dependentes senón polas persoas que os coidan. Pese a que vostede dixo que só se podía dedicar a gasto corrente fondos do POS e non doutros plans, teño que desmentilo. Non puxo a estrada de Vilachán neste POS porque dixo que ía facela máis tarde, pídlle que antes de que se aprobe o POS pola Deputación a estrada estea feita.”

O Sr Alcalde contesta que ese proxecto irá a Remanente, xa que di se pode usar en canto se faga a liquidación.

Sometida a proposta a votación, o Pleno, por unanimidade acepta a proposta de Alcaldía neste punto e acorda:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024
79.718,09 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024

c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.

Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.

GASTOS CORRENTES . GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024

Previsión de gastos 2024:256.894,04 €

Estimación outros ingresos: 164.709,13 €

Estimación gasto a financiar polo Concello:92.184,91 €

Previsión importe POS 2024: 79.718,09 €

Outros recursos propios do Concello: 12.466,82 €

IMPORTE SOLICITADO POS+ ADICIONAL 2024: 79.718,09€

2.- Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5.-Dar conta PMP e outros 4º trimestre 2023

O Pleno queda enterado de:

PEM, 4T 2023 (29 días)

Morosidade 4º trimestre 2023

Execución trimestral 4º trimestre 2023

Envío do orzamento 2024.

Ás 22:10 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Concello de Muxía, luns 12 de febreiro de 2024

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña